

Sobre o formato electrónico dos documentos a entregar en administración

Formato: un único ficheiro PDF para a memoria (recomendable que non supere os 30 Mb), un ficheiro PDF que conteña o resumo, e opcionalmente un ficheiro comprimido para presentar código, ficheiros de multimedia, etc.

Soporte físico: en CD ou DVD, anexo a copia da memoria completa.

O traballo fin de grao (TFG) en versión dixital corresponderase fidedignamente coa copia entregada en papel.

Soporte, identificación e formato

O soporte (CD ou DVD) estará identificado con letra de imprenta. Os datos que deben constar, como mínimo, son: autor / título do TFG / director / ano.

Os documentos presentaranse en formato PDF/A ou outros formatos abertos.

Os arquivos PDF non estarán protexidos.

Nome dos arquivos

Sexa, por exemplo, o TFG defendido en 2011 por José Manuel Pérez López.

O documento principal do TFG en formato electrónico constará dun só arquivo, e este chamarase:

PerezLopez_JoseManuel_TFG_2011.pdf

O documento co resumo do TFG en formato electrónico constará dun só arquivo, e este chamarase:

PerezLopez_JoseManuel_TFG_2011_resumo.pdf

Poderá achegar un arquivo comprimido zip que conteña arquivos doutros tipos (imaxes, programas de ordenador, información multimedia etc.) en formatos coñecidos (TIFF, JPG, MPG, MP...). Neste caso, o arquivo chamarase:

PerezLopez_JoseManuel_TFG_2011_anexo.zip

Non deben utilizarse nin espazos nin acentos nin o ñ no nome dos arquivos, co fin de asegurar a compatibilidade con todos os navegadores.